



## MANUEL CELSO MATALOBOS

Profesor no curso 1981-82 e desde 1994 ata a actualidade  
Vicedirector entre 2004 e 2011

Aula de 4º curso de Bacharelato Elemental (1972-1973). O profesor de Literatura explica a vida e obra de Federico García Lorca, asasinado canda un mestre republicano no barranco de Víznar pola súa condición homosexual e a súa afinidade co *Frente Popular*. Nun momento da explicación, o profesor menciona un nome nunca antes oído polo imberbe alumnado:

- De verdade non saben quen é Dolores Ibárruri? –silabea, paseniño, o apelido.
- Non... –responde, con voz entrecortada, o discente interrogado.
- E se lle pregunto pola aliñación do Athletic de Bilbao, seguro que non lle custa nada recitarma...

O profesor, retranqueiro, intúe axeitadamente que a maioría dos alumnos coñece o nome dos xogadores deste club, campión de Copa do “Generalísimo” e un dos grandes do fútbol español naquel tempo. O rapaz, algo desnortado pola pregunta, pero feliz por saberse coñecedor da resposta, comeza a debullar os nomes dos futbolistas, principiando por Iribar e rematando por Rojo I.

- Rojo primeiro! –exclama o profesor. Fíxese ben no que lle vou dicir: Dolores Ibarruri, *Pasionaria*, é a primeira –enfátiza- e meirande *roja* que hai neste país... Non o olviden!

O preceptor de vermella militancia non era outro que Xesús Alonso Montero, quen o ano seguinte publicaba *Pedro Petouto. Traballos e cavilacións dun mestre subversivo...* e ao pouco tempo sufría un traslado forzoso desde o Instituto de Lugo ao de Montilla, en Salamanca. O atribulado alumno interrogado por D. Xesús era quen escribe estas liñas.

O curso 1975-76 foi o da “despedida” dun tempo pasado, e foi tamén o da miña despedida do Instituto. Ou polo menos, iso pensaba daquela, ata que pouco tempo despois regresaba ao vello *Masculino* convertido en profesor de Lingua e Literatura Galegas, materia recentemente incorporada ao sistema educativo galego. Don Xesús, “culpable” de que nunca esquecese a Pasionaria, tivera moito que ver na elección da carreira de Filoloxía que acababa de cursar na USC.

O reencontro foi emotivo, aínda que me resultaba estraño considerar “compañeiros” aos meus profesores de tan só cinco anos atrás. As anécdotas sucedéronse como un día, a principios de curso, en que a miña xuventude levou ao conserxe Henrique a crer que era alumno de COU e conminoume para entrar na aula e agardar sentado a chegada do profesor...

Non foi aquel 1981-1982 un curso tranquilo, abofé: a traizoeira agresión dun alumno a Orozco (profesor de Filosofía e futuro alcalde da cidade); a iracunda disputa verbal entre o director, Amable Veiga, e o profesor Ramón Reimunde, que remataría nos tribunais cunha simbólica condena...

Dous acontecementos a salientar nos inicios da dourada década dos 80. Un deles profesional: a superación das oposicións, o que me apartaría un ano da capital; o outro, persoal: o meu casamento, a finais do 82, con alguén chamado a xogar un papel relevante na futura historia do instituto: Olga Díaz.

En 1994, outravolta -desta vez a definitiva- nun *Lucus* que xa deixara de ser “masculino”, regreso disposto a desenvolver un labor docente e cultural que se intensificará a raíz do meu nomeamento como vicedirector no período 2004-2011: a organización dalgúns eventos como o festival *40 anos de Canción Galega*, emitido pola cadea de televisión autonómica Localia, ou a recuperación do valioso mapa de Fontán; unhas cantas publicacións divulgativas sobre o centro (*Olladas ao Lucus Augusti*, *Autores do Instituto*, *Científicos do Instituto*, *Políticos do Instituto*, etc.) e, sobre todo, a creación e organización dunha importante Colección de Arte

de antigos alumnos e profesores, que realizaron para tal efecto xenerosas doazóns, así como algúns familiares dos mesmos.

Todas estas enriquecedoras experiencias pretenderon modestamente axudar a incrementar o xa de seu importante patrimonio histórico e cultural do centro e contribuír ao mellor coñecemento do decano dos centros de educación secundaria de Galicia que hoxe celebra o 175 aniversario da súa fundación. Ave Lucus!